



## AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LUGO

en representación da **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)**, con domicilio a efectos de notificacións en Avda. das Fontiñas, 180 entrecán B -27003 LUGO

### EXPOÑO:

**1º.**- Actualmente se atopan en curso de execución obras de urbanización na r/ Serra de Meira-Lugo, inmediatas ao río Rato.

**2ª.**- Segundo fomos informados, ditas obras están contempladas no chamado "Plan Paradaj" (Modificación do PXOU de Lugo de 1990 que reordenou unha área de superficie importante na parte leste da cidade de Lugo).

Dito Plan foi aprobado na década dos 90 do pasado século, sen afectar neste tramo ao río Rato, o cal estaba máis afastado da rúa Serra de Meira que na actualidade. Foi despois da aprobación do dito Plan cando o río Rato foi desviado seguindo un trazado paralelo e próximo á referida rúa, froito dunha obra pública que, supoñemos, tería o visto bó da Confederación Hidrográfica.

Malia a tratarse dunha obra pública que cabería considerar como de interese xeral e, polo tanto, prevalente ao propio planeamento urbanístico, no novo Plan Xeral de Lugo aprobado parcialmente en 2.011 nin os planificadores nin a Confederación Hidrográfica tiveron en conta o río Rato, permitindo que apareza sen representar nos planos e que os terreos do dominio público hidráulico vencellados ao río aparezan con diferentes cualificacións urbanísticas incompatibles co réxime que lle corresponde consonte á Lei de augas.

**3º.**- As obras de urbanización que se están a realizar actualmente destínanse á ampliación da rúa Serra de Meira, a cal se está a realizar cara á marxe sur, pola que discorre o río Rato, aproximándose ata o leito deste.

**4º.**- A actuación implica unha alteración substancial da topografía actual na citada marxe, así como unha redución da superficie inundable, afectando á capacidade de desaugue da bacía, e agravando os problemas de inundabilidade en caso de avenidas.

A maiores, como consecuencia desta obra desaparecerá a senda que actualmente discorre pegada ao río e o noiro que salva o desnivel entre o río e a rúa Serra de Meira, quedando o río pegado á nova rúa, co agravante de que, por atoparse esta a una rasante notablemente máis alta que o Rato, obrigará a salvar o desnivel entre ambos mediante un muro de contención.

**5º.**- Os efectos anteditos son froito da intención do planificador de regularizar o trazado da rúa Serra de Meira, -pasando da actual directriz crebada a unha directriz recta en todo o tramo-, para o que prevé unha beirarúa de ancho innecesario e excesivo -de 8m.- na marxe norte, a custá de desprazar a calzada cara ao río Rato, sen

acadar unha mellora funcional sinificativa para o tráfico rodado (a ampliación non implica aumento dos carrís destinados ao tráfico),

6º.- As obras comentadas se deben amparar, por imperativo legal, nun proxecto de urbanización que, por incidir na zona de policía do río Rato, debe ser obxecto de control pola Confederación, o que non temos constancia que se fixera.

7º.- Entendemos que as obras de ampliación da r/ Serra de Meira poden conducir a unha infracción das limitacións establecidas nos puntos 1 e 2 do art. 9 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, ao tempo que prexudicar o contorno do río, ao non garantir a continuidade da senda peonil que discorre actualmente ao pé do río.

Polo exposto, SOLICITO:

Que se modifique o deseño do novo vial (r/ Serra de Meira), mantendo a directriz actual da calzada e reducindo a beirarúa prevista na marxe norte, de xeito que aquela quede afastada unha distancia suficiente do río, aos efectos de non reducir a capacidade de desaugue e manter o percorrido peonil existente ao pé do Rato.

Lugo, 15 de xaneiro de 2.015

Asdo.-